



INT/2019/000054-1

INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: Liquidación do orzamento municipal correspondente ao exercicio económico de 2018.

Trinidad Gómez Reiriz, Interventora no Concello de Vilagarcía de Arousa en cumprimento do previsto no artigo 191, apartado 3, do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, emite o seguinte

INFORME:

NORMATIVA APLICABLE

- Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Real Decreto 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título 6º da Lei 39/88, do 28 de decembro, (Capítulo IV, sección 3ª - "Liquidación dos orzamentos"- artigos 89 a 105).
- Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, que aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Orde HAP 2105/2012, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na LO 2/2012.
- Bases de Execución do Orzamento 2018.

CONTIDO DA LIQUIDACIÓN

De acordo co establecido no artigo 191.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en diante TRLRFL), 93.1 do R.D. 500/90, do 20 de abril (en diante R.O.), e a Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro (en diante ICAL), os orzamentos de cada exercicio se liquidarán en canto á recadación de dereitos e ó pago de obrigas o 31 de decembro do ano natural correspondente e porá de manifesto:

a) Respecto ao **ORZAMENTO de gastos** e para cada partida orzamentaria:

- Os créditos iniciais.
- As súas modificacións.
- Os créditos definitivos.
- Os gastos autorizados.



- Os gastos comprometidos.
- As obrigas recoñecidas.
- Os pagos ordenados, e
- Os pagos realizados.

b) Respecto ao **ORZAMENTO de ingresos** e para cada concepto:

- As previsións iniciais.
- As súas modificacións.
- As previsións definitivas.
- Os dereitos recoñecidos e anulados, así como os recadados netos

Non obstante, esta referencia a que a liquidación quede constringida exclusivamente ós orzamentos correntes do exercicio, vese ampliada polo establecido no artigo 191.2 do TRLRFL e 93.2 do R.D., na medida en que de ámbalas dúas disposicións se deduce que con ocasión da liquidación dos orzamentos deberá determinarse:

- Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago a 31 de decembro.
- O resultado orzamentario do exercicio.
- Os remanentes de crédito.
- O remanente de tesourería

O presente informe referirase exclusivamente a liquidación do Orzamento do Concello de Vilagarcía de Arousa, sen prexuízo de que se presente como información agregada os estados contables consolidados, sendo a liquidación do seu organismo autónomo, Fundación de Deportes, obxecto de análise independente mediante informe da Intervención delegada, que se achegará o expediente.

I. ANÁLISE DAS DISTINTAS MAGNITUDES QUE CONFORMAN A LIQUIDACIÓN.

I.1- Resultado orzamentario:

Ao nivel normativo, o resultado orzamentario ven regulado nos artigos 96 e 97 R.D.

Neste senso, o artigo 96 do R.D. establece que o resultado orzamentario virá determinado pola diferenza entre os dereitos orzamentarios liquidados durante o exercicio e as obrigas orzamentarias recoñecidas durante o mesmo.

A estes efectos, o mencionado precepto do R.D. prevén de que os dereitos liquidados se tomarán polos seus valores netos, isto é, dereitos liquidados durante o exercicio unha vez deducidos aqueles que, por calquera motivo, fosen anulados.

Ao nivel de capítulo, os estados da liquidación do ORZAMENTO DE INGRESOS do Concello de Vilagarcía de Arousa para o exercicio económico de 2018, amosa o seguinte detallado:



Cap.	Previsión inicial	Modificacións	Previsión definitiva	Dereitos recoñecidos Netos	Recadación neta	D. rec ptes cobro
1	10.052.156,96	0,00	10.052.156,96	10.074.688,94	8.585.112,47	1.489.576,47
2	374.507,36	0,00	374.507,36	299.528,16	263.333,77	36.194,39
3	5.946.938,32	8.666,25	5.955.604,57	5.772.972,65	5.235.587,03	537.385,62
4	9.684.658,11	1.463.729,96	11.148.388,07	11.427.047,02	11.412.703,17	14.343,85
5	2.417,35	14.890,00	17.307,35	23.193,21	19.482,67	3.710,54
Total Op. Corr.	26.060.678,10	1.487.286,21	27.547.964,31	27.597.429,98	25.516.219,11	2.081.210,87
6	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
7	0,00	4.852.398,76	4.852.398,76	1.033.250,08	1.033.250,08	0,00
8	150.000,00	4.934.851,57	5.084.851,57	127.551,06	25.460,73	102.090,33
9	1.130.000,00	0,00	1.130.000,00	1.130.000,00	1.130.000,00	0,00
Total Op. Capital	1.280.000,00	9.787.250,33	11.067.250,33	2.290.801,14	2.188.710,81	102.090,33
Total	27.340.678,10	11.274.536,54	38.615.214,64	29.888.231,12	27.704.929,92	2.183.301,20

No tocante ao grao de realización do orzamento de ingresos obtemos a seguinte táboa:

2018		
CAPÍTULO	% DR s/PD	%Rec. s/DR
1	100,22%	85,21%
2	79,98%	87,92%
3	96,93%	90,69%
4	102,50%	99,87%
5	134,01%	84,00%
Total Op. Corr.	100,18%	92,46%
6	0,00%	0,00%
7	21,29%	100,00%
8	2,51%	19,96%
9	100,00%	100,00%
Total Op. Cap.	20,70%	95,54%
Total Orzamento	77,40%	92,70%



Pode observarse que o grao medio de realización de dereitos correntes supera o 100%, o cal se debe á sobre execución non prevista do capítulo 5 polo que non se debe considerar unha porcentaxe vinculada a unha mellora na execución dos capítulos relacionados coa autosuficiencia financeira da Entidade; pola contra, é moito máis baixo nas operacións de capital pero debido a incidencia que ten na súa media as particularidades da execución do capítulo VIII; en efecto o capítulo VIII nos conceptos 87000 (RLT^aGX) e 87010 (RLT^aGFA) recibe as modificacións de crédito financiadas con RLT^a que nunca son obxecto de execución (DR), polos importes modificados en ditos conceptos xa que se trata de ingresos que foron



contabilizados no seus respectivos exercicios económicos xa sexa no capítulo 7 ou no capítulo 9 e polo tanto no chegarán a fase DR, (VID desviacións de financiamento).

Polo que respecta o capítulo VII, é onde se contabilizan os ingresos por subvencións de capital, e non sempre presentan unha execución paralela ao gasto.

O grao de execución global de dereitos recoñecidos sobre previsións baixa mantense practicamente idéntico respecto o exercicio anterior, rexistrando unha baixada mínima do -2,30%

Tomar como referencia o grao de execución do exercicio anterior na confección de cada orzamento, permite obter unhas previsións de ingresos e unha realización das mesmas progresivamente máis realistas e prudentes para o orzamento do exercicio seguinte co fin de obter unha execución o máis próxima posible o 100%, e nalgúns casos incluso superior; proba da prudencia aplicada é que se ben na liquidación do exercicio 2017 o capítulo 2 presentou unha execución inferior o 30%, na liquidación do exercicio 2018 a porcentaxe de realización mellora nun 12,62%, o que evidencia unhas previsións máis realistas inda que seguen a ser optimistas en base ás previsións das labores de inspección, xa que seguen a estar por debaixo do 80%.

No tocante ao **grao de recadación, 92,70%** é do moi similar ao do exercicio 2017, (93,55%) debido a continuidade nas medidas de reforzo implementados pola Tesourería municipal na recadación executiva, non obstante neste ámbito non se aprecia mellora ata o punto de que os dereitos pendentes de cobro de pechados non paren de aumentar.

Pola súa banda, as **obrigas recoñecidas** haberanse de tomar polos seus valores netos, isto é, obrigas recoñecidas durante o exercicio unha vez deducidas aquelas que, por calquera motivo, fosen anuladas.

Ao nivel de capítulo, a liquidación do ORZAMENTO DE GASTOS do exercicio orzamentario de 2018 presenta o seguinte detallado:

Cap.	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos	Obrigas recoñecidas Netas	Pagos realizados netos	Órdenes de pago ptes
1	10.361.666,19	1.319.174,64	11.680.840,83	10.803.121,00	10.739.179,57	63.941,43
2	10.572.427,90	298.948,28	10.871.376,18	9.924.133,28	8.685.088,92	1.239.044,36
3	82.000,00	-2.000,00	80.000,00	30.443,54	30.443,54	0,00
4	2.843.766,63	-14.888,39	2.828.878,24	2.441.359,28	1.947.051,49	494.307,79
5	118.889,30	-118.889,30	0,00	0,00	0,00	0,00
Total Op. Corr.	23.978.750,02	1.482.345,23	25.461.095,25	23.199.057,10	21.401.763,52	1.797.293,58
6	1.350.000,00	8.149.963,12	9.499.963,12	2.482.536,04	1.815.212,73	667.323,31
7	128.500,00	504.897,94	633.397,94	81.920,78	35.972,84	45.947,94
8	150.000,00	0,00	150.000,00	127.551,06	127.551,06	0,00
9	1.733.428,08	1.137.330,25	2.870.758,33	2.659.671,25	2.659.671,25	0,00
Total Op. Capital	3.361.928,08	9.792.191,31	13.154.119,39	5.351.679,13	4.638.407,88	713.271,25
Total	27.340.678,10	11.274.536,54	38.615.214,64	28.550.736,23	26.040.171,40	2.510.564,83



Respecto ao grao de execución do orzamento de gastos, obtemos a seguinte táboa:

2018		
CAPÍTULO	%OR s/CD	%Pagos/OR
1	92,49%	99,41%
2	91,29%	87,51%
3	38,05%	100,00%
4	86,30%	79,75%
5	0%	0%
Total Op. Corr.	91,12%	92,25%
6	26,13%	73,12%
7	12,93%	43,91%
8	85,03%	100,00%
9	92,65%	100,00%
Total Op. Cap.	40,68%	86,67%
Total Orzamento	73,94%	91,21%

Podemos observar cómo o orzamento corrente tivo un grao de execución do 91,12%, e as operacións de capital do 40,68%, o que nos da unha porcentaxe total de execución do 73,94%, un 6,08% menos que no exercicio 2017.

En todos os capítulos de gasto a porcentaxe de execución baixa, se ben, mentres que no caso dos capítulos por operacións correntes as variacións son insignificantes, (unha media de -1,90%), nos capítulos por operacións de capital o descenso é máis salientable, unha media de -14,78%, o que pon de manifesto que por moito que se aumenten os créditos dispoñibles as limitacións do exercicio e dos medios materiais e humanos, non permiten acadar unha maior execución, todo o contrario, canto máis aumente a base maior será a porcentaxe de inexecución.

A nivel de programa de gasto, a execución do orzamento foi a seguinte:

P.G.	Créditos Iniciais	Modificacións	Créditos Definitivos	Obrigas recoñecidas netas	Pagos realizados netos	Órdenes de pago ptes
0	1.813.428,08	1.137.330,25	2.950.758,33	2.690.114,79	2.690.114,79	0,00
1	10.761.596,19	3.724.322,33	14.485.918,52	10.263.660,04	9.124.153,36	1.139.506,68
2	3.474.669,92	1.668.660,35	5.143.330,27	4.128.662,21	3.504.702,80	623.959,41
3	5.525.968,20	2.355.178,74	7.881.146,94	5.785.055,12	5.381.151,79	403.903,33
4	1.580.205,63	2.415.519,53	3.995.725,16	1.967.712,59	1.816.879,37	150.833,22
9	4.184.810,08	-26.474,66	4.158.335,42	3.715.531,48	3.523.169,29	192.362,19
Total	27.340.678,10	11.274.536,54	38.615.214,64	28.550.736,23	26.040.171,40	2.510.564,83



Por conseguinte, e de acordo cós estados de execución expostos anteriormente, no 2018 teremos un resultado orzamentario **POSITIVO de 1.337.494,89€**, o que supón que os dereitos recoñecidos netos **SI** superaron ás obrigas recoñecidas netas en dito importe, o cal **atopa a súa xustificación no aumento dos dereitos recoñecidos e nunha menor execución dos capítulos 2 e 6 de gastos.**

Non obstante, sobre o resultado orzamentario operan unha serie de axustes que explicamos a continuación

Así, o artigo 97 do R.D., establece que o resultado orzamentario calculado na forma exposta debe ser obxecto de axuste en función de:

- As desviacións de financiamento derivadas de gastos con financiamento afectado.
- As obrigas recoñecidas que fosen financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais.

1) Desviacións de financiamento derivadas de gastos con financiamento afectado.

As desviacións de financiamento neste tipo de gastos obtéñense comparando os ingresos efectivamente realizados, dos afectados a cada gasto concreto, coa contía dos mesmos que, en función do gasto realizado ata a liquidación do orzamento de que se trate, debería terse obtido.

Os ingresos efectivamente realizados, dos afectados a cada gasto concreto, están constituídos pola totalidade dos dereitos recoñecidos netos no exercicio económico de 2018 e referidos a 31 de decembro do proxecto de investimento en concreto.

Pola súa banda o gasto total a realizar virá dado polas obrigas recoñecidas netas a 31 de decembro do proxecto en cuestión.

As **desviacións de financiamento** imputables ao exercicio que, de acordo co establecido na regra 29 da ICAL, terán que axustar o resultado orzamentario, se obterán tomando en consideración o coeficiente de financiamento parcial por axente financiador e o importe das obrigas e dos dereitos recoñecidos relativos ao axente de que se trate, referidos unhas e outras ao exercicio orzamentario.

Dos estados da liquidación dos orzamentos para o exercicio 2018 conclúese que as desviacións de financiamento imputables ao exercicio son as que se recollen no estado de gastos con financiamento afectado correspondéndose cos proxectos que se relacionan no Anexo ao presente informe, sen prexuízo de posibles erros ou omisións involuntarias debido á gran cantidade de datos que se manexan.

As desviacións de financiamento positivas imputables AO EXERCICIO ascenden á contía de **3.782.098,67 €**, polo que debe diminuírse o resultado orzamentario anteriormente calculado en esta contía, e as negativas ascenden á contía de **- 3.130.882,69€**, polo que debe aumentarse o resultado orzamentario por dito importe, todo isto de conformidade co disposto na regra 29, da ICAL. A desviación de financiamento é a magnitude que representa os desfases existentes entre os ingresos orzamentarios recoñecidos ata un determinado momento, para a realización dun gasto con financiamento afectado e os que, en función da parte do mesmo efectuada nese



período, deberían terse recoñecido, se a execución dos ingresos afectados se realizase armonicamente coa do gasto orzamentario.

2) Créditos gastos correspondentes a modificacións orzamentarias que fosen financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais:

Só se deben ter en conta a parte das modificacións realizadas que chegasen á fase de obriga recoñecida. Isto é así debido a que, como xa dixemos, o resultado orzamentario é a diferenza entre os dereitos liquidados e as obrigas recoñecidas. O axuste faise necesario debido a que polo concepto 870 (remanente de tesourería) non se recoñece dereito ningún.

No caso que nos ocupa DOS DATOS OBRANTES EN CONTABILIDADE constan obrigas recoñecidas con cargo a RLT^aGX por importe de **1.457.961,12€**, co seguinte desglose:

Pro.	Eco.	Obligaciones Reconocidas	MOTIVO
011	913	1.251.527,23	SUPERÁVIT 2017
1532	61900	206.433,89	SUPERÁVIT 2016
TOTAL		1.457.961,12	

No capítulo 9 de gastos por importe de 1.251.527,23€ como consecuencia da aplicación do artigo 32 da LO 2 /2012 de EOSF, onde se recolle a obriga daquelas entidades que obtiveran superávit e RLTGX positivo na liquidación do exercicio precedente de destinalo a reducir o nivel de endebedamento neto, o que se traduciu no expediente de crédito extraordinario N^o 03/CE/2017, financiado con RLTGX, (VID informes de Intervención Ref.: CV 232/2017 e CV 233/2017).

No capítulo 6 de gastos por importe de 206.433,89€ como consecuencia da aplicación conxunta do artigo 32 e das excepcións previstas na DA 6^o da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, que permite destinar parte do Superávit a Inversións financeiramente Sostibles.

En definitiva, pois, o **resultado orzamentario axustado** que se desprende da liquidación do orzamento municipal para o exercicio 2018 é o seguinte:



DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	
a. Dereitos recoñecidos por operacións non financeiras	28.630.680,06
a.1. Dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Cap. I a V)	27.597.429,98
a.2. Dereitos recoñecidos netos por demais operacións de capital(Cap. VI e VII)	1.033.250,08
b. Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros	127.551,06
c. Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros	1.130.000,00
Total dereitos recoñecidos	29.888.231,12
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	
a. Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras	25.763.513,92



a.1. Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap. I a IV)	23.199.057,10
a.2. Obrigas recoñecidas netas por demais operacións de capital (Cap. VI e VII)	2.564.456,82
b. Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros	127.551,06
c. Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros	2.659.671,25
Total obrigas recoñecidas	28.550.736,23
RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES	1.337.494,89
AXUSTES	
(+) Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais	1.457.961,12
(+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio	3.130.882,69
(-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio	3.782.098,67
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO	2.144.240,03

O **resultado orzamentario axustado** que se desprende dos datos obtidos da liquidación dos orzamentos municipais é **positivo** por importe de **2.144.240,03€**, polo que pode observarse que unha vez axustado, o resultado orzamentario mantén o signo positivo, manténdose moi similar respecto o obtido na liquidación 2017.

I.2.- Remanentes de crédito

As operacións de liquidación dos orzamentos, documentadas nos modelos do Estado de liquidación do ORZAMENTO, amosan respecto do orzamento de gastos, os correspondentes remanentes de crédito, constituídos polos saldos de créditos definitivos non afectados ó cumprimento de obrigas recoñecidas (art. 175 TRLRFL, art. 98 R.D e regras 16 a 20 da ICAL). Os remanentes de crédito do exercicio ascenden a un total de **10.045.630,27€**.

I.3.- Remanente de Tesourería

Esta magnitude ven regulada nos artigos 191.2 TLRFL, 101 a 104 do R.D., pero xa non constitúe unha área de especial transcendencia da ICAL.

Os citados preceptos dispoñen que o remanente de tesourería da entidade local estará integrado polos dereitos pendentes de cobro, as obrigas pendentes de pago e os fondos líquidos, todos eles referidos a 31 de decembro do exercicio 2018.

a) Fondos líquidos de tesourería ó fin do exercicio.

Están constituídos polos saldos que presenten as seguintes contas do subgrupo 57 "tesourería":

- 570 "Caixa operativa"
- 571 "Bancos e institucións de crédito. Contas operativas"
- 573 "Bancos e institucións de crédito. Contas restrinxidas de recadación"
- 574.1 "Caixa fixa"
- 575.1 "Contas restrinxidas de anticipos de caixa fixa"
- 575.9 "Outras contas restrinxidas de pagos"
- 577 "Bancos e institucións de crédito. Contas financeiras"



- 578 "Movements internos de tesourería"

Aos efectos do cálculo do remanente de tesourería, tamén terán a consideración de fondos líquidos os investimentos temporais nos que se materializasen os excedentes temporais de tesourería, sempre que teñen o carácter de non orzamentario e reúnan as condicións de liquidez e seguridade esixidas pola Lei. O seu importe virá dado pola parte que corresponda do saldo da contas nos que os ditos excedentes temporais de tesourería se teñan materializado.

Na data da liquidación dos orzamentos municipais, á contía dos **fondos líquidos** ascende a **5.214.085,50€**, aumentando respecto o exercicio 2017 de euros pese que a porcentaxe de recadación mantense similar á de 2017, o igual que a porcentaxe de pagos sobre obrigas recoñecidas, polo que o incremento responde a esa menor execución de gastos de capital principalmente; o importe dos fondos líquidos a 31 de decembro supera ao das obrigas pendentes de pago á mesma data.

b) Dereitos pendentes de cobro ó fin do exercicio.

Tales dereitos pendentes de cobro comprenden:

- **Dereitos orzamentarios liquidados durante o exercicio pendentes de cobro.** Están recollidos no saldo debedor da conta 430 "Debedores por dereitos recoñecidos, ORZAMENTO corrente", e a través das súas divisionarias que distinguen en función da súa forma de exacción entre:

430.0 "De liquidacións de contraído previo, ingreso directo".

430.1 "De liquidacións autoliquidadas".

430.2 "De ingresos sen contraído previo".

430.3 "De liquidacións de contraído previo, ingreso por recibo".

Do exame dos estados da liquidación do ORZAMENTO DE INGRESOS, e ao nivel de capítulo, se deduce que os dereitos orzamentarios liquidados no exercicio e pendentes de cobro a 31 de decembro de 2018 ascenden ás contías seguintes:

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	PTE. COBRO A 31/12/18
1	Impostos directos	1.489.576,47
2	Impostos indirectos	36.194,39
3	Taxas e outros ingresos	537.385,62
4	Transferencias correntes	14.343,85
5	Ingresos patrimoniais	3.710,54
6	Alleamento de inversións reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	102.090,33
	TOTAL	2.183.301,20



Xa se puxo de manifesto en apartados anteriores, ao analizar o grao da recadación con respecto aos dereitos recoñecidos, que chega a recadarse un **92,70%** dos dereitos que se recoñecen.



- Dereitos orzamentarios liquidados en exercicios anteriores pendentes de cobro:

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	PTE. COBRO A 31/12/18
1	Impostos directos	6.919.572,51
2	Impostos indirectos	305.990,91
3	Taxas e outros ingresos	2.735.978,42
4	Transferencias correntes	8.550,00
5	Ingresos patrimoniais	39.960,89
6	Alleamento de inversións	0,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	52.744,10
9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL	10.062.796,83

Están recollidos no saldo debedor da conta 431 “Debedores por dereitos recoñecidos, orzamentos pechados”, entendida esta como agregación dos saldos correspondentes das súas divisionarias. O saldo de dereitos contraídos na agrupación contable de orzamentos pechados amosa o resultado de **10.062.796,83 euros**; aumenta con respecto ao exercicio 2017 principalmente como consecuencia de que pese a impulsar a vía executiva non se ten inda acadado a execución esperada, **se trata dun ámbito no que deben seguir reforzándose as medidas, sen obviar o feito que parte destes dereitos estarían prescritos.**

- Saldo de contas de debedores non orzamentarios.

Corresponde ao importe dos dereitos pendentes de cobro correspondentes a contas de debedores que, de acordo coa normativa vixente, non son orzamentarios e tampouco o serán no momento do seu vencemento.

Os saldos das contas de debedores non orzamentarios referidos á data da liquidación do orzamento municipal para o exercicio económico de 2018 totaliza **15.238,53€**; mantense practicamente idéntico con respecto ao exercicio anterior (**15.210,79€**).

- Ingresos pendentes de aplicación definitiva.

Se ó finalizar o exercicio existisen cantidades cobradas pendentes de aplicar, as ditas cantidades deben minorar o importe dos dereitos pendentes de cobros, calculándose a dita contía como polo importe do saldo das contas 554 “Cobros pendentes de aplicación” e 559 “Outras partidas pendentes de aplicación”.

Non obstante, cando entre os cobros pendentes de aplicación se encontren cantidades que correspondan a recursos por conta doutros entes e estas se podan determinar, non se deducirá por estas contías o importe dos dereitos pendentes de cobro senón que se incrementará o de obrigas pendentes de pago.

Do Balance de comprobación de sumas e saldos se deduce que o saldo final dos ingresos pendentes de aplicación definitiva ascende á contía de **666.687,95€**.



c) Obrigas pendentes de pago a fin de exercicio

De acordo co previsto no artigo 101 R.D, as obrigas pendentes de pago comprenden:

- 1- As obrigas orzamentarias pendentes de pago recoñecidas no exercicio.
- 2- As obrigas orzamentarias pendentes de pago recoñecidas en exercicios anteriores.
- 3- Os saldos das contas de acredores non orzamentarios.

- Obrigas pendentes de pago correspondentes ó ORZAMENTO de gastos do exercicio corrente:

O importe das mesmas obtense do saldo da conta 400 "Acredores por obrigas recoñecidas. Orzamento de gastos corrente"

Do exame da liquidación dos orzamentos de gastos e a nivel de capítulo se deduce que as obrigas recoñecidas e liquidadas no exercicio e pendentes de pago a 31 de decembro de 2018 ascenden ás seguintes contías:

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	PTE. PAGO A 31/12/18
1	Gastos de persoal	63.941,43
2	Compra de bens correntes e servizos	1.239.044,36
3	Gastos financeiros	0,00
4	Transferencias correntes	494.307,79
6	Investimentos reais	667.323,31
7	Transferencias de capital	45.947,94
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL	2.510.564,83

Este saldo minórase respecto ao exercicio 2017, o que pon de manifesto unha mellora na tramitación dos expedientes de gasto.

- Obrigas pendentes de pago correspondentes a orzamentos de gastos de exercicios anteriores:

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	PTE. PAGO A 31/12/18
1	Gastos de persoal	44,24
2	Compra de bens correntes e servizos	71.549,14
3	Gastos financeiros	0,00
4	Transferencias correntes	303,85
6	Investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL	71.897,23

O importe das mesmas obtense do saldo da conta 401 "Acredores por obrigas recoñecidas. Orzamentos de gastos pechados".





Dos estados da liquidación dos orzamentos municipais para o ano 2018 se deduce que o pendente de pago na agrupación de orzamentos pechados é o seguinte: **71.897,23€**, o cal se corresponde principalmente co importe das obrigas recoñecidas por xuros de demora no reintegro do préstamo Luz Salgada (**67.190,71€**), **máis certos expedientes do capítulo 1, 2 e 4 de gastos nos que o pago pola Tesourería municipal resulta materialmente imposible estando a esperas de que poida operar o instituto da prescrición.**

- **Saldo das contas de acredores non orzamentarios:**

Os saldos das contas de acredores non orzamentarios referidos á data da liquidación do orzamento municipal para o exercicio económico de 2018 ascenden a **1.177.192,59 €** aumenta escasamente con respecto ao exercicio 2017, (**1.073.929,05 €**).

- **Pagos pendentes de aplicación definitiva:**

Se ao finalizar o exercicio existisen pagos pendentes de aplicación definitiva ou pagamentos realizados con cargo aos anticipos de caixa fixa pendentes de xustificación, as obrigas pendentes de pago deben minorarse polo importe de aqueles. Os ditos importes veñen dados, respectivamente, polo saldo da conta 555 "Pagos pendentes de aplicación" e o da conta 558.1 "Provisións de fondos para anticipos de caixa fixa pendentes de xustificación". Os pagos pendentes de aplicación ascenden á contía de **18.611,08€**.

Por conseguinte, tendo en conta o anterior podemos proceder a calcular o **Remanente de Tesourería total** da seguinte forma:

1- Fondos líquidos	5.214.085,50
2-Dereitos pendentes de cobro	11.594.648,61
3- Obrigas pendentes de pago	3.741.043,57
4- Remanente de tesourería total (1+2-3)	13.067.690,54

Finalmente o remanente de tesourería dispoñible para o financiamento de gastos xerais determinarase minorando este no importe dos dereitos pendentes de cobro que, en fin de exercicio, se consideren de imposible ou difícil recadación e no exceso de financiamento afectado producido.

- **Dereitos de difícil ou imposible recadación:**

Os artigos 191.2 TRLRFL., 103 do R.D. e a regra 83.4 da ICAL regulan o tratamento dos dereitos de imposible ou difícil recadación.

En efecto, o remanente de tesourería se cuantificará deducidos, de se lo caso, os dereitos que se consideren de difícil ou imposible recadación.

Na base 40ª das BEO 2018, recóllense as porcentaxes aplicables nesta Entidade para o cálculo do dubidoso cobro, que coinciden coas porcentaxes recollidas na Lei 27/2013:

“ Para o cálculo dos saldos de Dubidoso Cobro do Estado de Remanente de Tesourería, teranse en conta as seguintes porcentaxes recollidas na Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local:



Ano N-1: 25%
Ano N-2: 25%
Ano N-3: 50%
Ano N-4: 75%
Ano N-5: 75%
Ano N-6 e anteriores: 100 %

Todo elo, sen prexuízo de que as especiais características do dereito, ou do debedor, xustifiquen outro criterio, o que requirirá previo informe motivado da Sra Tesoureira municipal.(...)"

En consecuencia, o importe de ditos dereitos virá dado pola parte do saldo da conta 490 "Provisión para insolvencias", que corresponda a dereitos, de carácter orzamentario ou non, incluídos no cálculo do remanente de tesourería., e tras aplicarlle a dito saldo as porcentaxes da Lei 27/2013, no exercicio económico que se liquida (2018), o saldo da dita conta, saldos de dubidoso cobro, ascende a **7.162.293,21 €**.

Lembrar que a consideración dun dereito como de difícil ou imposible recadación non implicará a súa baixa en contas.

- Exceso de financiamento afectado producido

O apartado 2 do artigo 172 da LRFL establece que a cuantificación do remanente de tesourería deberá realizarse tendo en conta os posibles ingresos afectados.

En relación con isto, o artigo 102 do R.D. 500/90 dispón que nos supostos de gastos con financiamento afectado nos que os dereitos afectados recoñecidos superen ás obrigas por aqueles afectados, o remanente de tesourería dispoñible para o financiamento de gastos xerais da entidade deberá minorarse no exceso de financiamento producido.

A tenor do apartado 2 deste mesmo precepto, o citado exceso poderá financiar a incorporación dos remanentes de crédito correspondentes ós gastos con financiamento afectado aos que fan referencia e, de se-lo caso, as obrigas devedidas a causa da renuncia ou imposibilidade de realizar total ou parcialmente o gasto proxectado.

Por conseguinte, e a tenor do exposto, podemos distinguir dúas partes no remanente de tesourería total:

1- Remanente de tesourería afectado a gastos con financiamento afectado.

2- Remanente de tesourería para gastos xerais.

1- Remanente de tesourería afectado a gastos con financiamento afectado.

É a parte do remanente de tesourería total que se pode utilizar para o financiamento de incorporacións de remanentes de crédito correspondentes a gastos con financiamento afectado.

O remanente de tesourería afectado, que de existir é sempre positivo, está constituído pola suma das desviacións de financiamento positivas acumuladas que, nestes gastos e por cada axente financiador, se produzan ao remate do exercicio.



A desviación de financiamento, de acordo coa regra 29 da ICAL, é a magnitude que representa o desfase existente entre os ingresos orzamentarios recoñecidos durante un determinado período, para a realización dun gasto con financiamento afectado e os que, en función da parte do mesmo efectuada nese mesmo período, deberían terse recoñecido, se a execución dos ingresos afectados se realizase harmonicamente coa do gasto orzamentario.

As desviacións de financiamento, para cada gasto con financiamento afectado, calcularanse por diferenza entre os dereitos recoñecidos netos polos ingresos afectados e o produto do coeficiente de financiamento polo total de obrigas recoñecidas netas, referidos uns e outros ao período considerado. As desviacións de financiamento acumuladas calcularanse desde o inicio na execución do gasto até o final do exercicio considerado.

Da liquidación dos orzamentos municipais dedúcese que as desviacións de financiamento positivas acumuladas e, polo tanto, remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado, ascenden a un total de 3.203.653,35 euros.

2- Remanente de tesourería para gastos xerais.

O remanente de tesourería para gastos xerais, isto é, a parte do remanente de tesourería que pode ser utilizada como recurso para o financiamento de modificacións de crédito nos orzamentos do exercicio seguinte de acordo coa normativa vixente, se determina pola diferenza entre o remanente de tesourería total e a suma dos dereitos de difícil ou imposible recadación e o exceso de financiamento afectado producido.

En definitiva, a modo de resume, o remanente de tesourería obtido da liquidación dos orzamentos do exercicio económico do 2018 desagregase do seguinte xeito:

1. Fondos líquidos	5.214.085,50
2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)	11.594.648,61
2.a. Do orzamento corrente	2.183.301,20
2.b De orzamentos pechado	10.062.796,83
2.c De operacións non orzamentarias	15.238,53
2.d Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	666.687,95
3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)	3.741.043,57
3.a. Do orzamento corrente	2.510.564,83
3.b. De orzamentos pechados	71.897,23
3.c. De operacións non orzamentarias	1.177.192,59
3.d. Pagos pendentes de aplicación definitiva	18.611,08
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	13.067.690,54
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	7.162.293,21
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	3.203.653,35



IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	2.701.743,98
---	---------------------

Debe advertirse por esta Intervención que o Ministerio de Facenda, a través da plataforma da Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas EE.LL para a remisión da liquidación, a maiores, subtrae do importe resultante con arreglo ás regras expostas, os seguintes importes e polos seguintes conceptos:

V. SALDO DE OBRIGAS PDTE.APLICAR	169.778,22
VI. SALDO OBRIGAS POR DII	3.570,76
VII TRLGX AXUSTADO (IV-V-VI)	2.528.395,00

A consecuencia é un menor importe para o RL^TaGX, **(2.528.395,00€)**; se ben é certo que ditos importes se corresponden con obrigas pendentes de pago, (contas 413 e 4180 do Balance), que non aparecen recollidas nas outras contas acreedoras, e que na práctica minoran a capacidade da Tesourería municipal, a ICAL non establece que deban terse en conta para calcular a presente "ratio", polo que o que está a facer o Ministerio é aplicar un criterio de maior prudencia non regulado, o que deberá terse en conta os efectos de posibles modificacións orzamentarias financiadas con esta fonte de financiamento, así como a efectos do disposto no artigo 32 da LO 2/2012, de estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, (remítome a este respecto, o informe específico de Estabilidade), e sempre dentro do contexto económico, financeiro e xurídico no que se atope o Concello en cada momento, de feito nas regras prelativas recollidas na DA6ª da LO2/2012, para a aplicación do superávit a investimentos financeiramente sostibles, establécese que deberá descontarse de dito superávit o importe das obrigas pendentes de aplicar ao orzamento.

II. ESTADOS CONSOLIDADOS DA LIQUIDACIÓN 2018 DO CONCELLO E DA FUNDACIÓN DE DEPORTES:

II.1 Axustes por transferencias internas:

Dos datos que obran na contabilidade municipal e a do seu Organismo Autónomo, se extraen discrepancias por importe de -219,08€ entre as obrigas recoñecidas da entidade matriz e os dereitos recoñecidos netos do ente dependente, polo que procede un axuste de maior déficit no estado de ingresos do ente autónomo por dito importe a efectos do cálculo da estabilidade:

CONCELLO		FUNDACIÓN DE DEPORTES		
TOTAL OBRIGAS RECOÑECIDAS	992.896,96 €	993.116,04 €	TOTAL DEREITOS RECOÑECIDOS	
AXUSTES		AXUSTES		
HORAS EXTRA	219,08		0,00	
TOTAL		TOTAL	AXUSTES	
TOTAL	993.116,04 €	993.116,04 €	TOTAL	



II.II Estados consolidados:

RESUMO XERAL_ LIQUIDACIÓN CONSOLIDADA ORZAMENTO 2018						
ORZAMENTO ECONÓMICO DE GASTOS						
CAP	DENOMINACION	ENTIDADE LOCAL	O.O.A.A.	TOTAL	ELIMINACIONS	LIQUIDACIÓN CONSOLIDADA
	A)OPERACION CORRENTES	23.199.057,10	1.034.811,25	24.233.868,35	992.896,96	23.240.971,39
1	Gastos de persoal	10.803.121,00	506.098,51	11.309.219,51	0,00	11.309.219,51
2	Gastos bens correntes	9.924.133,28	413.668,88	10.337.802,16	0,00	10.337.802,16
3	Gastos financeiros	30.443,54	0	30.443,54	0,00	30.443,54
4	Transferencias correntes	2.441.359,28	115.043,86	2.556.403,14	992.896,96	1.563.506,18
5	Fondo de continxencia	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	B)OPERACIONS DE CAPITAL	2.564.456,82	33.261,27	2.597.718,09	0,00	2.597.718,09
6	Inversións reais	2.482.536,04	33.261,27	2.515.797,31	0,00	2.515.797,31
7	Transferencias de capital	81.920,78	0,00	81.920,78	0,00	81.920,78
	C)OPERACIONS FINANCEIRAS	2.787.222,31	0,00	2.787.222,31	0,00	2.787.222,31
8	Activos financeiros	127.551,06	0,00	127.551,06	0,00	127.551,06
9	Pasivos financeiros	2.659.671,25	0,00	2.659.671,25	0,00	2.659.671,25
	TOTAL	28.550.736,23	1.068.072,52	29.618.808,75	992.896,96	28.625.911,79
ORZAMENTO ECONÓMICO DE INGRESOS						
CAP	DENOMINACION	ENTIDADE LOCAL	O.O.A.A.	TOTAL	ELIMINACIONS	LIQUIDACIÓN CONSOLIDADA
	A)OPERACION CORRENTES	27.597.429,98	1.073.831,08	28.671.261,06	993.116,04	27.678.145,02
1	Impostos directos	10.074.688,94	0,00	10.074.688,94	0,00	10.074.688,94
2	Impostos indirectos	299.528,16	0,00	299.528,16	0,00	299.528,16
3	Taxas, Prezos Públicos e outros ingresos.	5.772.972,65	63.596,48	5.836.569,13	0,00	5.836.569,13
4	Transferencias correntes	11.427.047,02	997.029,35	12.424.076,37	993.116,04	11.430.960,33
5	Ingresos patrimoniais	23.193,21	13.205,25	36.398,46	0,00	36.398,46
	B)OPERACIONS DE CAPITAL	1.033.250,08	0,00	1.033.250,08	0,00	1.033.250,08
6	Inversións reais	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
7	Transferencias de capital	1.033.250,08	0,00	1.033.250,08	0,00	1.033.250,08
	C)OPERACIONS FINANCEIRAS	1.257.551,06	0,00	1.257.551,06	0,00	1.257.551,06
8	Activos financeiros	127.551,06	0,00	127.551,06	0,00	127.551,06
9	Pasivos financeiros	1.130.000,00	0,00	1.130.000,00	0,00	1.130.000,00
	TOTAL	29.888.231,12	1.073.831,08	30.962.062,20	993.116,04	29.968.946,16

III. AFORRO BRUTO, AFORRO NETO E VOLUME DE ENDEBEDAMENTO EN TERMOS CONSOLIDADOS:

A modificación introducida pola Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2013, que modificou o Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público no referente o réxime de endebedamento das Entidades Locais mantense con



vixencia indefinida para o exercicio 2018, pola Lei de orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2018 prorrogada o exercicio 2019.

Da cordo coa definición e delimitación do Sistema Europeo de Contas, as Entidades Locais que liquiden o exercicio inmediato anterior con aforro neto positivo, poderán concertar novas operacións de crédito a longo prazo para o financiamento de inversións, cando o volume total del capital vivo non exceda do 75 por cento dos ingresos correntes liquidados ou devengados segundo as cifras deducidas dos estados contables consolidados.

Se dito volume excede do citado anteriormente, pero non supera o establecido no artigo 53 do TRLRFL, (110%), poderán concertar operacións de endebedamento previa autorización do órgano competente que teña atribuída a tutela financeira das entidades locais.

As entidades que presenten aforro neto negativo ou un volume de endebedamento vivo superior o recollido no citado artigo 53 anterior, non poderán concertar operacións de crédito a longo prazo.

Para a determinación dos ingresos correntes a computar no cálculo do aforro neto e do nivel de endebedamento e do cálculo do capital vivo, se estará o disposto na disposición final 31ª da Lei de Presupostos do Estado para 2013.

Feita esta introdución, para determinar o cálculo da variable financeira **AFORRO NETO** procédese a aplicar o seguinte procedemento:

OBTENCION DOS INGRESOS CORRENTES (A-B)

A. Total de ingresos correntes:

Deberanse sumar a totalidade dos dereitos recoñecidos dos Capítulos I a V do estado de ingresos, en concepto de netos (despois de anulacións e devolucións). Trátase de sumar a totalidade dos dereitos recoñecidos netos por operacións correntes en termos consolidados:

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE DEREITOS LIQUIDADOS
1	Impostos directos	10.074.688,94
2	Impostos indirectos	299.528,16
3	Taxas e outros ingresos	5.772.972,65
4	Transferencias correntes	11.427.047,02
5	Ingresos patrimoniais	23.193,21
Total dereitos liquidados por operacións correntes		27.597.429,98



O total de ingresos correntes ascende a **27.597.429,98 €**.

B. Axustes aos ingresos correntes:

Os axustes, contemplados principalmente no TRLRHL, teñen o fundamento xurídico e económico de reflectir la imaxe fiel da Entidade.



Os axustes que se van a analizar faranse sempre sobre os ingresos correntes, non facendo consideración práctica algunha sobre o resto de ingresos, como son os de capital ou os financeiros.

Así, os **axustes a aplicar** sobre o cálculo do aforro neto son:

B.1) Dedución dos Ingresos Non Recorrentes .

Son ingresos que, por non ter carácter ordinario e recorrente, é dicir, «non correntes» no seu devengo, deben de axustarse porque se contabilizan dentro dos ingresos correntes e melloran ficticiamente os ingresos.

No referente á determinación de ingresos afectados susceptibles de axuste á baixa nos termos indicados na Guía confeccionada polo Ministerio de Facenda a efectos do cálculo do obxectivo de débeda, non constan en contabilidade ingresos afectados a gastos de capital, (multas coercitivas, ingresos por convenios urbanísticos, aproveitamentos agrícolas..etc), sen embargo resulta moito máis complicado delimitar ingresos de carácter non estrutural ou ordinario, habida conta que as previsións dos capítulos 1 a 5 vense facendo dende o exercicio 2012 de forma moi restrictiva limitándose a consignación inicial de ingresos exclusivamente estruturais, sendo a xeración de crédito a forma de dar cabida a novos ingresos finalistas non recorrentes, e debendo estar as liquidacións respectivas para a analizar o grao de realización de ditas previsións.

Se examinamos os listados da liquidación de ingresos do Concello do 2018, (posto que na Fundación de Deportes todos os dereitos recoñecidos presentan carácter estrutural), poden considerarse ingresos afectados non estruturais pola súa natureza excepcional ou non recorrente nunha media de tres exercicios, os seguintes (todo elo sen prexuízo de que nos capítulos 1 a 3 poida haber outro tipo de ingresos excepcionais o cal debería ser informada polo departamento de Tesourería a efectos da súa consideración neste axuste):

Concepto	Importe	Texto Libre
13002	59.798,88	INSPECCIÓN IAE
29001	87.918,18	INSPECCIÓN I.C.I.O.
45000	15.670,03	INGRESO ADICIONAL Ó FONDO COOPERACIÓN LOCAL 2018.
TOTAL	163.387,09	

B.2) Gastos con Financiación Afectada

Os Gastos con Financiación Afectada son gastos ou proxectos de gasto que, ben pola súa natureza ou condicións específicas, ben como consecuencia de convenios entre a entidade responsable da súa execución e calqueira outra entidade, de carácter público ou privado, se financian, en todo ou en parte, mediante ingresos concretos ou específicos de un ou varios exercicios, sen que necesariamente deban coincidir con aqueles nos que se realice o gasto.

Dos axustes por desviación de financiación, o máis relevante e frecuente será o que practiquemos aos ingresos correntes afectados. Así o veu a consolidar con efecto indefinido a Lei de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2015, ao establecer para cálculo do aforro neto, que nos ingresos correntes, se deberán deducir aqueles ingresos que teñan un carácter afectado.



a. Desviación positiva de naturaleza corrente:

Son ingresos correntes recoñecidos e destinados a un gasto pendente de recoñecer en presuposto. Ao incluírse o ingreso e non o gasto nun determinado exercicio, teríamos un aforro neto maior do que verdadeiramente existe.

As desviacións positivas imputables ao exercicio ascenderon a **3.782.098,67€**.

Tra-los axustes aplicados anteriormente, **os ingresos correntes axustados a ter en conta para o cálculo do aforro neto ascenden a:**

TOTAL INGRESOS CORRENTES	27.597.429,98
TOTAL INGRESOS NON RECURRENTES	163.387,09
TOTAL Df imputables ao exercicio positivas	3.782.098,67
TOTAL INGRESOS CRTES. AXUSTADOS	23.651.944,22

OBTENCION DOS GASTOS CORRENTES (A-B):

A. Total de gastos correntes:

Se deberán sumar a totalidade das obrigas líquidas (despois de anulacións e reintegros), dos Capítulos I, II e IV do estado de gastos. Se trata de sumar a totalidade das obrigas recoñecidas netas por gastos non financeiros por operacións corrientes consolidados:

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE OBRIGAS RECOÑECIDAS
1	Gastos de persoal	10.803.121,00
2	Compra de bens correntes e servizos	9.924.133,28
3	Gastos financeiros	30.443,54
4	Transferencias correntes	2.441.359,28
Total obrigas recoñecidas por operacións correntes		23.199.057,10



El total de gastos corrientes asciende a **23.199.057,10 €**.

B) Axustes aos gastos correntes:

Os axustes, contemplados principalmente no TRLRHL, teñen o fundamento xurídico e económico de reflexar a imaxen fiel da Entidade.



Os axustes que se van a analizar faranse sempre sobre os gastos correntes, non facendo consideración práctica algunha sobre o resto de gastos, como son os de capital ou os financeiros.

Así, tense que os axustes a aplicar sobre o cálculo do aforro neto son:

B.1) Gastos con Financiación Afectada

Os Gastos con Financiación Afectada son gastos ou proxectos de gasto que, ben pola súa natureza ou condicións específicas, ben como consecuencia de convenios entre a entidade responsable da súa execución e calqueira outra entidade, de carácter público ou privado, se financian, en todo ou en parte, mediante ingresos concretos ou específicos de un ou varios exercicios, sen que necesariamente deban coincidir con aqueles nos que se realice o gasto.

a. Desviación negativa de natureza corrente

Son gastos correntes recoñecidos no exercicio que se financian con ingresos correntes aún non recoñecidos no presuposto. A falta de axuste significa un empeoramento ficticio no cálculo do aforro neto legal; As desviacións negativas imputables ao exercicio da cordo co informe da ascenderon a **3.130.882,69€**.

B.2) Obrigas do exercicio financiadas con Remanente Líquido de Tesourería

«En el cálculo del ahorro neto no se incluirán las obligaciones reconocidas, derivadas de modificaciones de préstamos, que hayan sido financiadas con remanente líquido de tesorería».

Haberá que deducir as obrigas recoñecidas en gastos correntes que estean financiadas con recursos procedentes de exercicios anteriores, co fin de non distorsionar o indicador do equilibrio entre ingresos e gastos correntes, e que en 2018 ascenderon a **1.457.961,12€**

Tra-los axustes aplicados anteriormente, **os gastos correntes axustados a ter en conta para o cálculo do aforro neto ascenden a:**

TOTAL GASTOS CORRENTES	23.199.057,10
OBRIGAS FINANCIADAS CON CARGO RLTX 2017	1.457.961,12
TOTAL Df imputables ao exercicio negativas	3.130.882,69
TOTALGASTOS CRRTES. AXUSTADOS	18.610.213,29

TERCEIRO: Determinación da ANUALIDADE TEÓRICA:

A. Operacións formalizadas.

A anualidade teórica de amortización a 31/12/2018 de cada unha das operacións obtívose aplicando o sistema de amortización previsto en cada un dos contratos de préstamo formalizados, resultando unha ATA 2018 de **2.689.896,71€**, na que se engade a amortización extraordinaria en aplicación do superávit 2017.

CUARTO. Unha vez procedido a calcular os ingresos correntes axustados, os gastos correntes axustados e a anualidade teórica de amortización total, o cálculo do AFORRO NETO da Entidade Local será:



+	INGRESOS CRRTES. AXUSTADOS	23.651.944,22
-	GASTOS CRRTES AXUSTADOS	18.610.213,29
-	ATA 2018	2.689.896,71
=	AFORRO NETO AXUSTADO	2.351.834,22
% SOBRE OS INGRESOS CRRTES AXUSTADOS		9,94%

O aforro neto, entendido como o indicador de solvencia que valora a futuro a capacidade da Entidade Local de facer fronte ás obrigas xeradas polas operacións de endebedamento é **2.351.834,22 €**.

E en termos consolidados o Aforro Neto do grupo de Entidades ascendería a **2.390.634,97 €**:

+	INGRESOS CRRTES. AXUSTADOS	23.732.659,26
-	GASTOS CRRTES AXUSTADOS	18.652.127,58
-	ATA 2018	2.689.896,71
=	AFORRO NETO AXUSTADO	2.390.634,97
% SOBRE OS INGRESOS CRRTES AXUSTADOS		10,07%

QUINTO. Para determinar o **VOLUMEN DE ENDEBEDAMENTO**, tomarase como referencia o capital vivo a 31/12/2018 das operacións vixentes a curto prazo e a longo prazo, incluído o risco deducido de avais e incrementado, no seu caso, nos saldos de operacións formalizadas non dispostos, pero non tomando en consideración os saldos que se deben reintegrar derivados das liquidacións definitivas da participación en tributos do Estado.

A débeda viva da Entidade a 31/12/2018 ascende á cantidade de **5.386.654,75€**:

ENTIDADE	PRÉSTAMO Nº	DÉBEDA VIVA 31/12/2018
BBVA	9542581034	408.679,40
BBVA	9543754650	155.927,27
BBVA	9544336772	153.846,15
BBVA	9545525801	158.383,00
BBVA	9545776833	272.774,94
ABANCA	5448000879-6	111.138,09
ABANCA	5448001040-8	296.765,23
ABANCA	05227600-5	350.608,03
ABANCA	0522-7942-0	1.218.750,00
ABANCA	0522004891-0	288.174,62
LA CAIXA	9620 30750932913	259.437,33
ABANCA (B.ETCHEV.)	02197/0	57.920,69
B. SABADELL	0271 124 505 79	552.500,00





B. SABADELL	807622094543	1.101.750,00
TOTAL CAPITAL VIVO		5.386.654,75

A cal representa o **19,46%** sobre os recursos correntes liquidados en termos consolidados do exercicio 2018, **(27.678.145,02€)**, incluídos os devengados segundo as cifras dos estados contables consolidados, tal e como dispón a D.A. 14ª do RD-Lei 20/2011:

$$\text{NIVEL DE ENDEBEDAMENTO} = \frac{5.386.654,75}{27.678.145,02} \times 100 = 19,46$$

Agora ben, os mesmos axustes operados en materia de ingresos para o cálculo do aforro neto deben ser aplicados por coherencia, para o cálculo do volume de endebedamento, e nese caso dos dereitos consolidados liquidados por operacións correntes axustados **(23.732.659,26 €)**, a débeda viva a 31/10/2018 supón en **termos consolidados** un **22,70%**, polo que **NON** se supera o límite do 75%:

$$\text{NIVEL DE ENDEBEDAMENTO} = \frac{5.386.654,75}{23.732.659,26} \times 100 = 22,70$$

IV.- CUMPRIMENTO DA REGRA DO GASTO.

De conformidade co disposto no artíolo 15.3 letra d) da Orde HAP/2105/2012, antes do 31 de marzo do ano seguinte ao exercicio o que vaian referidas as liquidacións, deberá remitirse informe de Intervención onde se valore entre outros extremos o cumprimento da regra de gasto.

O Consello de Ministros mediante acordo de 7 de xullo de 2017 fixou os obxectivos de estabilidade presupostaria, débeda pública e límite de gasto non financeiro para o Conxunto das Administracións públicas, para o período 2018-2020, e concretamente fixou a taxa de referencia para o cálculo da regra de gasto en **2,4%**, para o 2018.

A regra de gasto aparece regulada no artigo 12 da LO 2/2012.

Entenderase por gasto computable, os empregos non financeiros definidos en termos do SEC, excluídos os xuros da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou de outras Administracións Públicas e as transferencias ás CCAA e ás EELL vinculadas aos sistemas de financiación.

O Ministerio de Facenda e AAPP elaborou unha guía practica para a determinación da regra do gasto. Por aplicación desta guía procede realizar os seguintes axustes:



- No importe de OR polos capítulos 1 a 7, descóntase o importe de OR con cargo ao capítulo 3, así como o importe das OR por IFS de acordo co disposto no apartado 4º da DA 6ª da LOEOSF 2/2012.
- (-) Gastos aplicados ao orzamento 2018 correspondentes a outros exercicios;(saldo da conta 413). **O importe ven dado pola diferenza entre o saldo final da conta a 31/12/18 e o importe das operacións aplicadas ao longo do exercicio 2018. (-173.755,92).**
- (-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes de diferentes axentes financiadores, (Deputación, Estado, Comunidade Autónoma U.E e outros):

Para o axuste polos ingresos finalistas tomase como referencia os DR/I obtidos para todos os conceptos dos capítulos 4 e 7 de ingresos agás os correspondentes á PIE e á compensación por beneficios fiscais (42000 e 42020) e ao FCL (45000).

- (-) Se desconta de ambos exercicios a comparar o importe das transferencias internas entre entidades do grupo.
- límite de gasto computable, en aplicación do apartado 4º do mesmo artigo 12 incrementábase polo importe dos DR que derivan de cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación (xa sexa voluntaria ou executiva); para determinar o importe do axuste partiuse da contabilidade municipal: **Non se realiza axuste por este concepto.**

CONCEPTO	LIQUI. 2017	2018
CAP. 1 A 7 DE GASTOS	24.744.269,30	25.526.636,49
AJUSTES SEC	-387.280,97	-169.778,22
Cuenta 413 (+/-)	-227.818,71	-169.778,22
Outros (+/-)	-159.462,26	0,00
Empleos no finan. en térm. SEC excepto xuros	24.356.988,33	25.356.858,27
Pagos por trasferencias internas (-)	974.789,11	992.896,96
Gastos financiados con fondos finalistas (-)	3.180.384,35	3.678.239,10
U.E	0,00	164.500,00
ESTADO	84.572,45	129.929,76
C.A.	1.896.917,36	2.112.505,20
DIPUTACIONES	1.145.566,05	1.232.490,60
OTRAS ADMOOES PBLCAS.	53.328,49	38.813,54
TOTAL GASTO COMPUTABLE EJERCICIO	20.201.814,87	20.685.722,21

Se aplicamos a taxa de referencia do **2,4%** Concello de Vilagarcía de Arousa cumpre coa regra de gasto de xeito moi axustado estando por debaixo en – **936,22€**:





GASTO C 2017	TAXA REFERENCIA	LIMITE R.GASTO	AUMENT/DISM	LIMITE R. GASTO	GASTO C. 2018
20.201.814,87	0,024	20.686.658,43	0,00	20.686.658,43	20.685.722,21
DIFERENCIA LIMITE/G C. 2018	-936,22				
% DE INCREMENTO O DISMINUCION GC 16/17	2,40%				

Finalmente, e tendo en conta o informe da Intervención delegada da Fundación de Deportes, a Liquidación 2018 do Concello de Vilagarcía de Arousa en termos consolidados cumpre igualmente, de xeito tamén moi axustado, coa regra de gasto estando por debaixo en – **23.576,13€**:

ENTIDADE	G.COMPUTABLE 17	TAXA DE REFER	AUMEN/DISM	LÍMITE REGRA	G. COMPU. 2018
CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA	20.201.814,87	20.686.658,43	0,00	20.686.658,43	20.685.722,21
P.M. SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS	1.059.101,37	1.084.519,80	0,00	1.084.519,80	1.061.879,89
TOTAL	21.260.916,24	21.771.178,23	0,00	21.771.178,23	21.747.602,10
DIFERENCIA ENTRE LIMITE R.G.2017 Y G C. 2018	-23.576,13				
% DE INCREMENTO O DISMINUCION GC 2016/2017	2,29%				

V.- ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

Nesta materia remítome ao Informe específico que se incorpora ao expediente **INT/2019/000054-2 SOBRE O ANÁLISE DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA EN TERMOS SEC 95 do 2018.**

VI.-TRAMITACIÓN DO ESTADO DA LIQUIDACIÓN.

No tocante á tramitación, a aprobación da liquidación dos orzamentos municipais, previo Informe da Intervención, corresponde ao Sr Alcalde- Presidente da Corporación (artigos 191.3 do TRLRFL e 90.1 do R.D.). Unha vez aprobadas daráselles o seguinte curso:

- Se dará conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre (arts. 193.4 do TRLRFL e 90.2 do R.D.).
- Se remitirán copias da liquidación dos orzamentos municipais á CC.AA. e á administración do Estado (Ministerio de Facenda), debéndose ter remitido antes da finalización do mes de marzo (arts. 193.5 do TRLRFL e 91 do R.O.). Advírtese de que a falta de remisión da liquidación no prazo sinalado faculta á administración para utilizar como actuais, a calquera efecto, os datos que coñeza relativos á entidade de que se trate.

VIII.- CONCLUSIÓN

O saldo da conta 413 aumenta considerablemente pero non por demoras administrativas ou insuficiencia de crédito senón que principalmente trae causa da instrución para peche contable do exercicio 2018, que adiantou a data límite para a aplicación de gasto con cargo o exercicio corrente ao 19/12/18 que eu deixou fora todos os xustificantes de gasto rexistrados con



posterioridade, se trata dun efecto derivado dunha nova práctica orzamentaria que se verá equilibrada no seguinte peche contable.

Se trata de xustificantes que é materialmente imposible tramitar pola data de rexistro contable pero non pola insuficiencia de crédito.

Igualmente o **promedio de días de pago a provedores** mellorou notablemente.

O **pendente de pago de pechados**, que ascende a 71.897,23€, se corresponde principalmente có saldo das obrigas recoñecidas polos xuros de demora no reintegro do préstamo LUZ SALGADA, que non foi dado de baixa por prescrición con motivo do recurso presentado polo Estado contra a liquidación feita pola xunta de Galicia.

É no referente **pendente de cobro de pechados a 31/12/2018**, directamente relacionados co dubidoso cobro, onde os resultados atópanse moi por debaixo do esperado, **o grao de incumprimento dos obxectivos comprometidos neste ámbito esixe urxentemente reforzar as medidas para mellorar a recadación en vía voluntaria e potenciar a executiva, os resultados no son os esperados.**

Os resultados acadados permiten afirmar que o Concello de Vilagarcía cumpre de maneira constante cós obxectivos fiscais de estabilidade, nivel de endebedamento e regra de gasto así como conta cun estable RLT^aGX positivo, sen embargo esta senda de estabilidade e sostibilidade ven propiciada, non por unha políticas fiscais sostible ou polo cumprimento dos principios de eficacia e eficiencia no gasto público, se non polo progresivo incremento das fontes de financiamento externas nos derradeiros 3 anos (PIE, Subvencións finalistas..etc), polo que non pode asegurarse a consolidación das *ratios* obtidas.

Como xa se ven indicando nos informes das anteriores liquidacións, as actuacións levadas a cabo en materia de ingresos van nunha liña contraria a garantir a suficiencia financeira da facenda municipal, volvendo a conceder protagonismo a ingresos directamente vinculados á posición cíclica económica e a actividades de Inspección mentres que se seguen a rebaixar ingresos estruturais como o IBI sen que se acometan necesarias actualizacións de taxas e/ou prezos públicos.

Esta consentida insuficiencia financeira da facenda municipal permanece latente mentres se sega a contar con subvencións finalistas e transferencias que axudan a acometer investimentos, manter os nosos servizos así como a sufragar o noso gasto de persoal, pero se temos en conta que vaise a apostar por proporcionar servizos de maior calidade como a limpeza viaria ou o SAF, o que deriva nun aumento importante do prezo dos respectivos contratos, así como que os gastos do persoal do sector público véñense incrementando dende o exercicio 2018 polas subidas salariais pactadas e aprobadas polo Goberno, así como a tramitación da modificación da RPT do que vai derivarse un maior incremento da dotación do capítulo 1, no caso de que as fontes de financiamento externo se minoren, a sostibilidade e a estabilidade verase comprometida se non se acometen fortes subidas fiscais.

De feito, os resultados positivos acadados se deben por unha parte a unha maior execución de ingresos en conceptos que non gardan relación coa autosuficiencia financeira da Facenda local, se non directamente vinculados a evolución tendencial ou de alto grao aleatorio; e por outro lado a unha baixa execución nos capítulos 6 e 7 de gastos que non é compensada integramente polas desviacións de financiamento.

Pese a que a evolución da economía presente signos de mellora e iso se teña aproveitado como desviación positiva acumulada para non ter que acometer as subidas fiscais, non debe



volver a caerse no erro de depositar a garantía do noso financiamento en transferencias externas (PIE, FCL..etc), ou en ingresos non estruturais estreitamente vinculados á situación económica ou de natureza aleatoria, (ICIO, Inspección, IIVTNU, potestade sancionadora....), son comportamentos errados que nos distancian do autofinanciamento que perseguía o cancelado Plan de Axuste e normativa actual en materia de estabilidade, xa que calquera cambio que se produza en ditas fontes de ingresos alleas á vontade municipal podería volver a por en risco o cumprimento dos obxectivos fiscais.

IX.- AXUSTES PARA O PECHE CONTABLE:

Con carácter previo ao peche procedeuse a realizar unha serie de axustes contables :

1. Axustes co fin de dar cumprimento á normativa e principios contables vixentes:

- Os axustes para a reclasificación da débeda financeira e non financeira de longo a curto.

Este é o meu Informe, que se emite segundo o meu saber e entender sen prexuízo doutro máis fundado conforme a dereito, e sen carácter vinculante, se ben a Corporación decidirá o que estime máis adecuado e oportuno.

Vilagarcía de Arousa, 28 de febreiro de 2019.

A Interventora

Asdo./Trinidad Gómez Reiriz.

